

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que o 21 de xaneiro do 1953, foi aprobado o Consorcio que para o monte "FONTE BLANCA", LU-2077, como pertencente a parroquia de Facha, subscribiran o Concello de Antas de Ulla e o Patrimonio Forestal do Estado, a través da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que o 27 de maio de 1985 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "COSTA DA PENA, XUNQUEDO E COTO DA RIGUEIRA", pertencente á Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Facha, termo municipal de Antas de Ulla. Publicado dito Acordo no B.O. da Provincia, nº 131, do 11 de xuño do mesmo ano, non se presentou nin interpuxo recurso ningún contra él, polo que é firme.

3º.- Que o 25 do mes en curso a Xunta Rectora da Comunidade, conforme co acordado por esta en Asemblea Xeral celebrada o 8 do pasado mes de febreiro, acordou a súa vez:

- propoñer á Consellería do Medio Ambiente a sinatura dun Convenio que afecte ás 85 Hás. do monte en man común da súa pertenza consorciada como monte "FONTE BLANCA". LU-2077, polo Concello de Antas de Ulla co Patrimonio Forestal do Estado, a través da Excma. Deputación Provincial de Lugo e a 145 Hás., rasas na actualidade, que aportan de novo,

- solicitar da Consellería que o Convenio anulase e substituíse o consorcio do monte "FONTE BLANCA", LU-2077 e

- autorizar ó seu Presidente para sinatura do convenio.

4º.- Que en consecuencia o novo monte "COSTA DA PENA, XUNQUEDO E COTO DA RIGUEIRA" queda constituido por:

85 Hás. do monte "FONTE BLANCA", LU-2077 e
145 Hás., rasas, sen consorciar.

5º.- Que o Convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio, a repoboación forestal da superficie rasa que a Comunidade aporta, a conservación e tratamentos selvícolas das masas creadas ou das que se creen, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares concordates con tales fins.

6º.- Que como as superficies do monte "FONTE BLANCA", LU-2099, son:

superficie total:	85 Hás.
superficie repoboada:	64 "
superficie inforestal: ...	21 "

e a Comunidade aporta de novo

superficie total:	145 Hás.
superficie rasa forestal:..	144 "
superficie inforestal:....	1 "

as superficies do monte do Convenio que se propón, serán:

superficie total:.....	230 Hás.
superficie repoboada:	64 "
superficie rasa forestal..	144 "
superficie inforestal: ...	22 "

7º, . Gastos por traballos e ingresos do monte "FONTE BLANCA", LU-2077.

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1997:	4.305.701,-Ptas.
o 31-12-1985, ano en que se clasificou como en man común o monte da Comunida- de de Facha.	4.059.856,- "

A ter en conta conforme a Disposición Adicional
Segunda da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro,
64 x 4.305.701,-Ptas.- 64 x 4.059.856,-Ptas. 245.845,- Ptas.
64 64

b) Ingresos:

o 31-12-1997:	
Administración Forestal.....	31.663,-Ptas.
Excma. Deputación.....	<u>13.037,- "</u>
Total	44.700.-Ptas

8º.- E que os gastos que por traballos, administración
e gardería, así como os ingresos, que das contas do Consorcio
do monte "FONTE BLANCA", LU-2077, pasarán a do novo Convenio,

a) GASTOS:

traballos:	245.845.-Ptas.
administración: <u>7,85</u> x 245.845,-Ptas.....	19.299.- "
100	
gardería: 64 Hás. x 630,-Ptas./Há.	<u>40.320.- "</u>
<u>TOTAL GASTOS</u>	<u>305.464,-Ptas.</u>

b) INGRESOS:

<u>64 Hás.</u> x 44.700,-Ptas.	<u>44.700,-Ptas.</u>
64 Hás.	
<u>TOTAL INGRESOS</u>	<u>44.700,-Ptas.</u>

9º.- E que a conta do Convenio do monte "COSTA DA PENA", XUNQUEDO E COTO DA RIGUEIRA", se abre cun saldo de:

305.464,- pesetas - 44.700,- pesetas..... 260.764,- Ptas.

Á vista de todo isto, proponse a V.E.:

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "COSTA DA PENA, XUNQUEDO E COTO DA RIGUEIRA".

Elenco: 2715886.

Superficie: 230 Hás.

Pertenza: Comunidade de Facha.

Termo municipal: Antas de Ulla.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "COSTA DA PENA, XUNQUEDO E COTO DA RIGUEIRA", 2715886, se abra cun saldo de 260.764.- pesetas, sen prexuízo dos gastos e ingresos que puideran te-las contas do Consorcio do monte "FONTE BLANCA", LU-2077, con posterioridade a data do seu peche.

3º.- Que se cancele o Consorcio do monte das seguintes características:

Nome: "FONTE BLANCA".

Elenco: LU-2077.

Superficie: 85 Has.


Pertenza: Parroquia de Facha.

Termo municipal: Antas de Ulla.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 1998.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.

Vº. Bº.

O DIRECTOR XERAL,



Tomás Fernández-Couto Juanas.

XCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.-

Visto o expediente de transformación parcial do consorcio LU-2077 do monte "Fonte Blanca", nun convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Comunidade Veciñal de Montes de Facha propietaria do Monte Veciñal en Man Común "COSTA DA PENA, XUNQUEDO E COTO DA RIGUEIRA" integrado por 85 Has do citado Monte Fonte Blanca e 145 Has. rasas sen consorciar, que suman un total de 230 Has, sito no Concello de Antas de Ulla, e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 1998.



A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.- Aprobar o convenio das seguintes características:

Nome: COSTA DA PENA, XUNQUEDO E COTO DA RIGUEIRA".

Elenco: 2715886.

Superficie: 230 Has.

Pertenza: Comunidade de Facha.

Termo municipal: Antas de Ulla.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%

Participación da Comunidade no voo: 70%.

Participación da Consellería no voo: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "COSTA DA PENA, XUNQUEDO E COTO DA RIGUEIRA", 2715886, se abra cun saldo de 260.764,- pesetas, sen prexuízo dos gastos e ingresos que puideran te-las contas do Consorcio do monte "FONTE BLANCA", LU-2077, con posterioridade a data do seu peche.

3º.- Que se cancele o Consorcio do monte das seguintes características:

Nome: "FONTE BLANCA".

Elenco: LU-2077.

Superficie: 85 Hás.

Pertenza: Paroquia de Facha.

Termo municipal: Antas de Ulla.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 1998.

O CONSELLEIRO,

P/O 12/1/98

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: José Luis Abad García-Tuñón.



ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	271	5886
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. **CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ**, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. **ELADIO FERNANDEZ PAZOS** como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **"COSTA DA PENA, XUNQUEDO E COTO DA RI—GUEIRA"**, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **21 de Xaneiro de 1.953** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Faña, termo municipal de Antas de Ulla**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"COSTA DA PENA, XUNQUEDO E COTO DA RIQUEIRA".**

Termo municipal: **Antas de Ulla**

Provincia: **LUGO**

Situación administrativa e legal Monte en man común pertencente a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Facha, termo municipal de Antas de Ulla.

Límites:

N.: PARCELA I.- N.- Monte da Comunidade de Santa Mariña; L.- Monte da Comunidade de Santa Mariña; S.- Propiedades particulares e mais monte da Comunidade de -

S.: Facha e O.- Mais monte da Comunidade de Facha e provincia de Pontevedra.

L.: PARCELA II.- N.- Mais monte da Comunidade de Facha; L.- Propiedades particulares, mais monte da Comunidade de Facha e monte da parroquia de Cutián; S.- Mais monte

O.: da parroquia de Cutián e provincia de Pontevedra e O.- Provincia de Pontevedra.

Superficie: 230 (DUASCENTAS TRINTA) Hás.

Estado forestal: 64 (SESENTA E CATRO) Hás. repoboadas, 144 (CENTO CORENTA E CATRO) Hás. rasas forestais e 22 (VINTEDUAS) Hás. inforestais.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: - - -

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 64 (SESENTA E CATRO) Hás.

Sen vexetación arbórea: ~~cincoenta~~ 166 (CENTO SESENTA E SEIS) Hás.

3ª.- O chan continuará pertencendo a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Facha, termo municipal de Antas de Ulla

que achega ó convenio:

- A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- Os terreos descritos na cláusula segunda.
- O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincoenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincoenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 85 Hás. do monte "FONTE BLANCA", LU-2077.

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o **trinta** por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o **setenta** por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o **-** por cento, e a comunidade propietaria, o **-** por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de **trinta e cinco** anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subentábase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalguna das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será **P. pinaster e P. - radiata nos terreos rasos na actualidade.**

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JESÚS NÚÑEZ FERNÁNDEZ en funcións de _____, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " COSTA DA PENA, XUNQUEDO E COTO DA RIGUEIRA ", veciños da parroquia de Facha - Concello de ANTAS DE ULLA - Rexistrados co número 0050 o 31-10-1990.

2.—Que, así mesmo, figura Don ELADIO FERNÁNDEZ PAZOS, e Don MANUEL PARDO DIÉGUEZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, ~~da~~ elixida o 28-12-1997

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo a 27 de marzo de 199 8.



Don MANUEL PARDO DIÉGUEZ, Secretario de la Comunidade de Facha, termo municipal de Antas de Ulla.

C E R T I F I C O : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 8 de Febreiro de 1.998 estando designado Don ELADIO FERNANDEZ PAZOS, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Facha (Antas de Ulla)

a vintecinco de Marzo de mil novecientos noventa e oito.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

Eladio Fernandez Pazos
PRESIDENTE,

O

Asdo. : **Eladio Fernández Pazos.**

Manuel Pardo Dieguez

Asdo. : **Manuel Pardo Dieguez.**

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Tomás Fernández-Couto Juanas

Pola propiedade,

Eladio Fernandez Pazos

Asd. : **Eladio Fernández Pazos.**



Pola Consellería de Medio Ambiente,
O CONSELLERO DE MEDIO AMBIENTE
P/O do 12/03/98

Asdo. : **José Luis Aboal García-Tuñón.**

D. Eladio Fernández Pazos
D. Manuel Pardo Diegues.
D. Jesús Farfías Amor.
D^a. Filomena García Castro

En la parroquia de Facha, término municipal de Antas de Ulla, siendo las dieciseis horas del día 25 de Marzo de 1.998, se reunen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Facha.

Conforme con lo acordado por dicha Comunidad, en Asamblea General celebrada el 8 de Febrero del año en curso, por unanimidad, acuerdan a su vez:

1^a.-- Proponer a la Consellería de Medio Ambiente la firma de un Convenio - que afecte a las 85 Hás., del monte en mano común de su pertenencia, consorciadas como monte "FONTE BLANCA", por el Ayuntamiento de Antas de Ulla con el Patrimonio Forestal del Estado y a 145 Hás., rasas en la actualidad, que aportan de nuevo, con lo que las características del monte a conveniar, son:

Nombre: "COSTA DA PENA, XUNQUEDO E COTO DA REGUEIRA".

Superficie: 230 Hás.

Límites:

PARCELA I.-

- N.- Monte de la Comunidad de Santa Mariña;
- E.- Monte de la Comunidad de Santa Mariña;
- S.- Propiedades particulares y mas monte de la Comunidad de Facha y
- O.- Mas monte de la Comunidad de Facha y provincia de Pontevedra.

PARCELA II.-

- N.- Mas montes de la Comunidad de Facha;
- E.- Propiedades particulares, mas monte de la Comunidad de Facha y monte de la parroquia de Cutián;
- S.- Más monte de la parroquia de Cutián y provincia de Pontevedra y
- O.- Provincia de Pontevedra.

2^a.-- Solicitar de la Consellería que el Convenio anule y sustituya al Consorcio del monte "FONTE BLANCA".

3^a.-- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo más asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.


Manuel Pardo Diegues Eladio Fernández Pazos
Filomena García Castro